



PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. OBXECTO
2. XUSTIFICACIÓN
3. ALCANCE
4. ÁMBITO DE APLICACIÓN
5. DEFINICIÓNS
6. RESPONSABILIDADES
7. PROCEDEMENTO
 - 7.1 CONSIDERACIÓNS XERAIS
 - 7.2 DESENVOLVEMENTO
 - 7.2.1 PROCEDEMENTO DURANTE O EMBARAZO
 - 7.2.2 PROCEDEMENTO DURANTE O INGRESO PARA O PARTO
 - 7.2.3 PROCEDEMENTO TRALA FINALIZACIÓN DO PROCESO ADOPTIVO
8. BIBLIOGRAFÍA
9. AUTORAS
10. ANEXOS

FOLLA DE CONTROL DE MODIFICACIÓNS		
N.º EDICIÓN	APARTADOS MODIFICADOS	DATA DE APROBA- CIÓN
0		Maio 2012
1	Modifícase título, anexos, bibliografía, auto- ras de revisión.	Maio 2013
2	Modifícase a redacción de obxecto e obxec- tivos. Incorpóranse enlaces a documentos. Amplíase o apartado de definicións. Modifícanse e inclúense novos anexos. Modifícase o procedemento de rexistro.	Decembro 2022

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

1. OBXECTO

Este procedemento ten por obxecto establecer a secuencia das actuacións necesarias a levar a cabo por todas as partes implicadas, ante a comunicación da intención de entregar en adopción a un fillo ou unha filla acabada de nacer.

Así mesmo, establece o traballo dos diferentes equipos e servizos para asegurar a coordinación e calidade na atención, tanto á nai e ao pai, no seu caso, coma ao neonato, no sistema sanitario.

Con este procedemento preténdese alcanzar os seguintes obxectivos:

1. Previr as situacións de abandono de persoas recentemente nacidas, axudando e protexendo aos proxenitores e ao seu bebé cando non poidan facerse cargo e facilitarlle a súa entrega en adopción dunha forma responsable, libre e coas máximas garantías de seguridade, sen incorrer nun delito de abandono.
2. Favorecer a libre decisión da nai, informándoa, de forma eficaz, das opcións dispoñibles.
3. Garantir a protección e o benestar do neonato por parte da Entidade Pública, adoptando a medida máis estable. Mellorar a calidade e a seguridade asistencial do neonato implicado.
4. Mellorar a atención ás mulleres que deciden entregar o seu fillo ou filla en adopción, con trato humanizado e prestándolles o apoio emocional necesario.
5. Unificar criterios de actuación entre os equipos de profesionais implicados, quen deberán procurar a confidencialidade, o respecto á decisión da nai e do pai, no seu caso, e o seu apoio emocional.
6. Facilitar a recollida de información sobre a familia biolóxica, que posibilitará nun futuro a construción da identidade da persoa adoptada.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

2. XUSTIFICACIÓN

A defensa e protección das persoas menores constitúen un obxectivo fundamental en todas as políticas de benestar, e para a consecución dunha auténtica igualdade de oportunidades.

A Lei 5/2010, de 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada contempla a obrigatoriedade da Xunta de Galicia de "establecer as medidas e actuacións encamiñadas a garantir e a preservar o dereito da muller xestante a culminar o seu embarazo, a ser apoiada socialmente nesa decisión e a ser informada dese dereito e dos programas e mecanismos de apoio dispostos ao seu favor".

Así mesmo, recolle como disposición adicional primeira, a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun Plan Integral de Apoio á Muller Embarazada, "que supoña poñer á súa disposición recursos de tipo sanitario, social, educativo e calquera outro, tanto públicos como privados, que permitan axudar a levar a bo fin os embarazos" (ver o Plan Integral de Apoio á Muller Embarazada 2012-2014:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/plan_integral_apoio_muller_embarazada_0_2183.pdf)

A posibilidade de que unha muller xestante, no momento do parto ou con anterioridade a el, manifeste que desexa dar o seu fillo ou filla en adopción, constitúe unha situación contemplada no proceso asistencial das institucións sanitarias. Cómpre que todo o persoal implicado no proceso de atención á muller xestante sexa coñecedor do procedemento de actuación nestes casos, para poder informar correctamente ás mulleres xestantes que o soliciten "sobre as posibles medidas de protección, en especial a acollida familiar e a adopción, no caso de que manifesten, en calquera momento do proceso, que non poden facerse cargo da crianza, tralo nacemento do seu fillo ou filla", tal e como dispón a mencionada lei no seu artigo 6.4.

A elaboración deste procedemento xorde neste contexto ético, sanitario, social e xurídico, e responde ao compromiso da Administración de adoptar e arbitrar as medidas e mecanismos adecuados para unha actuación prudente, consensuada, organizada e eficaz ante un caso de consentimento para a adopción do neonato.

3. ALCANCE

O proceso de adopción dunha persoa menor é un proceso complexo, que implica a coordinación de diferentes departamentos e consellerías.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

Este documento abarca o proceso que compete á Consellería de Sanidade, dende que se ten coñecemento dun caso de intención de entrega para a adopción dun bebé nun centro sanitario, ata que sexa asumida a tutela e exercida a garda pola Consellería de Política Social e Xuventude a través dos correspondentes Equipos Técnicos do Menor. Pretende coordinar as actuacións dos profesionais de ambas consellerías implicadas no proceso de atención á muller xestante nesta situación e ao neonato.

4. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este procedemento aplicarase en todos os centros sanitarios públicos e concertados do Servizo Galego de Saúde para todos os casos nos que unha muller manifeste a súa decisión de entregar o seu fillo ou filla en adopción.

Pola tanto, vai dirixido a todo o persoal das áreas de Neonatoloxía, Obstetricia e Xinecoloxía, Pediatría e Traballo Social dos hospitais, centros de saúde e Puntos de Atención Continuada en Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde, ao persoal dos servizos con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude, e a todas as persoas que, no desenvolvemento das súas funcións, teñan coñecemento da decisión de entregar en adopción o neonato.

5. DEFINICIÓNS

Adopción: medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á familia de orixe. O Código Civil recolle o seu carácter estable e definitivo, e a equiparación absoluta en dereito cos vínculos que produce a filiación natural, extinguindo vínculos anteriores.

Consentimento para a adopción: manifestación da vontade da nai e/ou de ambos proxenitores para que o seu fillo ou filla sexa adoptado/a por outra ou outras persoas. Se se manifesta esta intención en calquera momento do embarazo, no momento do parto ou despois da alta hospitalaria, debe ofrecerse asesoramento, información e apoio ao respecto, pero o consentimento só será válido se se produce ou se ratifica a intención inicial cando transcorresen polo menos seis semanas despois do parto.

Abandono da persoa menor de idade: consiste na infracción do deber legal de asistencia inherente á patria potestade. Aparece regulado no Código Penal español (Capítulo III do Título XII "De los delitos contra los derechos y deberes familiares"), e contéplase como un delito que podería castigarse con pena de privación da liberdade.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

Desamparo: Segundo o artigo 172 do Código Civil, situación que se produce de feito por causa do incumprimento ou do posible ou inadecuado exercicio dos deberes de protección establecidos polas leis para a garda das persoas menores de idade, cando estas queden privadas da necesaria asistencia. A declaración de desamparo dos/das menores que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle á Xunta de Galicia, que asumirá automaticamente a súa tutela.

Garda: un dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela, que implica velar polas persoas menores de idade, telas na súa compañía, alimentalas, educalas e procurarllas unha formación integral.

Tutela: é a forma de apoio das persoas menores de idade non emancipadas cando están en situación de desamparo ou non suxeitas á patria potestade.

Patria potestade: conxunto de dereitos, atribución e deberes que teñen os pais e as nais sobre os fillos ou fillas non emancipados/as. A patria potestade corresponde aos proxenitores con independencia de que estean casados entre si ou non, xa que se fundamenta nas relacións paterno/materno-filiais.

6. RESPONSABILIDADES

- Consellería de Sanidade
- Servizo Galego de Saúde
- Xerencias das áreas sanitarias
- Unidade de traballo social dos hospitais e dos centros de atención primaria
- Persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde, especialmente o que desenvolve as súas funcións na área materno infantil
- Equipos Técnicos do Menor da Consellería de Política Social e Xuventude

7. PROCEDEMENTO

7.1 Consideracións xerais

Ao longo de todo o procedemento, a información á muller e, no seu caso, á súa parella, farase en condicións adecuadas de intimidade e confidencialidade.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

7.2 Desenvolvemento

7.2.1 Procedemento durante o embarazo

A muller pode manifestar a súa vontade de dar o seu fillo o filla en adopción en calquera centro asistencial do Sergas:

a. Procedemento no centro de saúde. - Se a nai acode a un centro de saúde para comunicar a súa decisión, o/a profesional que a atende porá a situación en coñecemento da unidade de traballo social do centro, que será a responsable de xestionar o caso. Se nese momento no centro de saúde non estivese dispoñible ningún traballador ou traballadora social nin matrona, derivarase a paciente ao servizo de traballo social de referencia do centro.

O traballador ou traballadora social encargarse de facilitar a información relacionada con este procedemento de xeito verbal, e recollerase a través do documento de "Información para xestantes que deciden dar o seu fillo ou filla en adopción" (Anexo 1).

A documentación estará dispoñible en galego e en castelán, así como naquel idioma que resulte preciso se a xestante non comprende ningún dos dous. Unha vez asinado o documento de entrega da información, entregaráselle unha copia á muller, outra quedará recollida no seu expediente do centro de saúde ou de Servizos Sociais Comunitarios (SSC) e unha última enviarase ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude.

Comunicaráselle o teléfono da muller 900 400 273 ao que poderá chamar ao longo de todo o embarazo e facilitaráselle o acceso á Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade.

<http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/guia-recursos-maternidade.pdf>

b. Procedemento no hospital. - Se a nai comunica a súa decisión nun hospital, o/a profesional que reciba esa información (persoal médico ou de enfermaría, matrona...) poraa en contacto o antes posible coa unidade de Traballo Social do centro.

O persoal desa unidade informará á nai de todos os recursos de apoio ao seu alcance e entregaránlle o documento *Información para xestantes que teñan a intención de dar o seu fillo ou filla en adopción* (Anexo 1). Así mesmo, comunicaráselle a existencia do teléfono da muller 900 400 273 para posibles consultas ao longo de todo o embarazo e facilitaráselle o acceso á Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade.

<http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/guia-recursos-maternidade.pdf>

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

No suposto de que a Administración teña constancia durante o embarazo do propósito da nai de, unha vez naza, entregar o seu bebé en adopción, pódense dar dúas situacións cando se produza o ingreso no hospital para dar a luz: a revogación da intención do propósito de entrega e o mantemento da situación.

- **Revogación da intención**

Se no momento do nacemento, se revoga a decisión de entregar en adopción, manifestada durante o embarazo, a unidade de Traballo Social do hospital facilitará o *Documento de revogación do propósito de entrega voluntaria do neonato para a adopción*, conforme o Anexo 4. O/a profesional de traballo social realizará un informe de valoración socio-familiar, que podería dar lugar ao peche do caso, ou á derivación aos Servizos Sociais Comunitarios (SSC), se se detecta unha situación de risco, ou aos Servizos Sociais Especializados (SSE), se se detecta unha posible situación de desamparo. En todo caso, informarase da circunstancia aínda que non se apreciase risco. Este documento deberá remitirse ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude para o seu coñecemento, que instará o estudo do caso se o considera necesario.

- **Mantemento da situación**

No caso de que se manteña a decisión de entregar o neonato en adopción, xa manifestada previamente durante o embarazo e así o comunica no momento de ingresar, realizaríanse as actuacións que se recollen no seguinte apartado.

7.2.2 Procedemento durante o ingreso para o parto

1. Se a nai manifesta a súa decisión de dar o seu fillo ou filla en adopción no momento de ingresar nun hospital para o parto, porase o caso en coñecemento da unidade de traballo social de forma inmediata.

O/a profesional desa unidade informará á nai sobre o procedemento, en condicións adecuadas de intimidade. Así mesmo, informaráselle doutro recursos alternativos á adopción, facilitaráselle o acceso á Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade.

En ausencia do traballador ou da traballadora social, a persoa responsable da Área Materno Infantil (matrona e/ou pediatra) será quen asuma o labor de información básica, aínda que igualmente derivará o caso a Traballo Social en canto sexa posible.

A información sobre o procedemento para prestar o consentimento á adopción farase de forma verbal e a través do *Documento de Información para xestantes que decidan dar o seu fillo ou filla en adopción* (Anexo I).

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

2. O/a profesional de traballo social trasladará o caso ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude por vía telefónica, inicialmente, e por escrito mediante o *Documento de Comunicación de Intención de Primeira Renuncia* (Anexo 2), achegando informe social complementario, se procede.

Un equipo técnico de menores da Consellería de Política Social e Xuventude achegarase ata o hospital e realizará unha entrevista coa nai e o pai, se procede, obtendo información que será de gran importancia na procura de orixes no futuro. A entrevista realizase co maior dos respectos e coidados, pola especial situación. Recolleranse, na medida do posible, datos de identificación, circunstancias que a levan a tomar esta decisión, antecedentes médicos e psicosociais relevantes.

3. O persoal que atende o parto identificará o neonato segundo o procedemento de Identificación Nai-Fillo/a corporativo do Servizo Galego de Saúde, cos datos de identidade da nai.

A nai e o pai, no seu caso, poden elixir o nome que lles gustaría, dato que se recollerá, así como os motivos que os levan a escoller ese nome. No caso que non queiran elixir o nome do bebé e sexa o persoal sanitario quen o elixa, será un nome común e deixará constancia deste feito na historia do neonato.

4. Matrona, pediatra e traballadora social deixarán constancia na Historia Clínica de que se trata dun caso de consentimento para a adopción.

5. A hospitalización da nai durante o posparto farase, sempre que sexa posible, na planta de Xinecoloxía e a do fillo ou filla en Neonatoloxía.

6. Dende o Servizo/Unidade de traballo social facilitarase ao persoal técnico do servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude, o certificado para a inscrición do neonato no Rexistro Civil, cos apelidos de súa nai biolóxica e de seu pai, se procede.

Segundo establece o artigo 45.3 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, do Rexistro Civil, ao producirse a renuncia ao seu bebé por parte da nai no momento do parto, esta non está obrigada a promover a inscrición do nacemento, obriga que recaerá na Entidade Pública, a través do persoal do equipo técnico do menor que corresponda.

Ao facer a inscrición, farase constar como domicilio o da Xefatura Territorial correspondente e terase especial coidado en evitar que se realice o empadramento por defecto no enderezo da nai.

7. Nese momento, o Equipo Técnico de Menores desprazarase ao hospital para recoller a vontade da nai (ou de ambos proxenitores) de entregar o seu fillo/a en adopción no seu propio documento.

**PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

A nai deberá asinar este documento e:

- Se é menor de idade, tamén deberá asinar un dos seus proxenitores ou quen exerza a súa tutela.
- Se é unha persoa con discapacidade para o exercicio da súa capacidade xurídica, asinará o documento o seu representante legal, no seu caso, ou actuarase conforme se establece na lexislación vixente ao respecto.
- No caso de estar casada, tamén deberá asinar o marido, segundo a presunción de paternidade que establece o artigo 116 do Código Civil.
- No caso de non estar casada, tamén poderá asinalo o pai se está presente e desexa facelo.

Entregarase unha copia do documento á nai e ao pai, no seu caso, e outra copia constará no expediente de Protección de Menores.

Estes técnicos explicarán á nai e ao pai que esta manifestación deberá ratificarse 6 semanas despois do parto.

Se a nai solicita a alta voluntaria sen ter asinado o documento mencionado no punto anterior nin ter solicitado que a súa familia ou as autoridades se fagan cargo do bebé, explicaráselle que os servizos sociais intentarán contactar con ela e coa súa familia para investigar a súa situación e a posibilidade de que finalmente a nai ou algún familiar do neonato poida asumir o seu coidado. Ademais, explicaráselle que se expón a unha declaración de abandono do bebé, coas consecuencias legais que isto implica. Facilitaráselle o contacto coa unidade/servizo de Traballo Social do hospital e/ou co Equipo Técnico de Menores da súa provincia. Se a unidade/servizo de Traballo Social é a primeira en ter coñecemento do caso, informará o antes posible ao Equipo Técnico de Menores.

Se a nai non quere prestar consentimento para a adopción pero desexa que se contacte coa súa familia ou coa Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia para que se fagan cargo do bebé, informárase disto ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude.

No caso de que a nai manifestara inicialmente a súa vontade de dar o seu fillo/a en adopción, e despois do parto decidira facerse cargo do neonato, deberá asinar o documento de revogación da renuncia (Anexo IV). O/a traballador/a social realizará un informe de valoración socio-familiar, que podería dar lugar ao peche do caso, ou á derivación aos Servizos Sociais do concello correspondente, se se detecta unha situación de risco, ou aos Servizos Sociais Especializados (SSE) se se detecta unha posible situación de desamparo. En todo caso, informárase da circunstancia aínda que non se apreciase risco.

8. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través do seu Equipo Técnico de Menores da Xefatura Territorial que corresponda, tramitará a apertura do expediente de protección da persoa menor de idade, ditando a Resolución de

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

declaración de desamparo e asunción da tutela legal que comunicarán ao departamento de Traballo Social do hospital.

9. Unha vez asumida a tutela pública da persoa menor de idade e comunicada por escrito ao departamento de traballo social, os/as profesionais dese departamento realizarán as seguintes accións:
- Xuntarán unha copia da certificación de tutela á historia clínica da persoa menor de idade.
 - Notificarán ao Servizo de Admisión a certificación de tutela para que se proceda de forma inmediata ao cambio de datos de domiciliación da persoa menor, substituíndoos polos que indique a Xefatura Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude.
 - Asegurarase de que se adopten as medidas de protección oportunas establecidas polo equipo técnico da persoa menor coa maior celeridade posible.
 - A retirada da persoa menor do hospital realizarase polo persoal acreditado, cuxa identidade se comunicará previamente por escrito polo servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude, á unidade de Traballo Social do hospital, utilizando para iso o modelo adxunto (Anexo 3) ou similar, que quedará na Historia Clínica.

7.2.3 Procedemento unha vez finalizado o proceso adoptivo

Finalmente, unha vez que a persoa menor sexa adoptada e cambie definitivamente a súa filiación mediante auto xudicial firme, o servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude, remitirá ao Servizo de Admisión e Documentación Clínica do hospital a súa filiación definitiva para facer as oportunas modificacións de identificación na súa historia clínica.

PROCEDIMIENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

ANEXOS

1. DOCUMENTO de ***Información para xestantes que decidan dar o seu fillo ou filla en adopción.***

A cumprimentar polo centro sanitario ou servizos sociais comunitarios, no seu caso. Deberáselle entregar unha copia á muller, archivar unha copia no seu expediente e enviar unha copia ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude.

2. DOCUMENTO de ***Comunicación de Intención de entrega do bebé para a adopción.***

A cubrir polo hospital para informar ao servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude.

3. MODELO de ***Comunicación de recollida de persoa menor tutelada pola Consellería de Política Social e Xuventude.***

A cubrir polo servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude, co envío ao centro hospitalario.

4. MODELO de ***Revogación do propósito de entrega voluntaria do neonato para a adopción.***

A cubrir polo centro hospitalario no caso de revogación do propósito de entrega voluntaria do neonato.

5. DOCUMENTO de ***Consentimento de renuncia inicial para a adopción.***

Documento propio do servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Xefatura Territorial correspondente da Consellería de Política Social e Xuventude.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN

8. BIBLIOGRAFÍA

Lei 5/2010, de 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada. (Diario Oficial de Galicia, N° 127. Martes, 6 de xullo de 2010).

Lei 3/2011, de 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia (Diario Oficial de Galicia N° 134. Mércores, 13 de xullo de 2011).

Lei 2/2006 de 14 de xuño de dereito civil de Galicia (Diario Oficial de Galicia N° 124. Xoves, 29 de xuño de 2006).

Protocolo de actuación en la entrega voluntaria de personas recién nacidas para adopción. (Junta de Andalucía, maio 2022)

Guía de Recursos, Apoio e Asistencia á Maternidade. Xunta de Galicia (abril 2013) <http://igualdade.xunta.es/sites/default/files/files/documentos/guia-recursos-maternidade.pdf>

Convenio Europeo en Materia de Adopción de Menores, de 27 de novembro de 2008. Publicado no BOE o mércores 13 de xullo de 2011.

Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Decreto 29/2009, de 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica. (Diario Oficial de Galicia, N° 34. Mércores, 18 de febreiro de 2009).

Gracia, D. et al.- "Toma de decisiones en el paciente menor de edad" Med Clin (Barc) 2001, 117: 179-190

Protocolo de Actuación de mujeres que desean dejar a su hijo en adopción. Hospital General de Ciudad Real. Fecha de revisión: 27/4/11

Protocolo de Renuncia de bebés en el hospital de la Generalitat Valenciana.

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

9. AUTORAS**Grupo de traballo da primeira edición**

- * Isabel Graña Garrido, Xefa de Sección da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde. Coordinadora do proxecto.
- * Beatriz Pais Iglesias, Técnica da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde. Coordinadora do proxecto.
- * Isabel Ferreira Cadahía, Residente de Medicina Preventiva e Saúde Pública do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.
- * Rosa Cogolludo Fernández, Supervisora de Partos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- * Alba Portabales Goberna, Traballadora social do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- * Cristina Rodríguez Blanco, Traballadora social da Xerencia de Xestión Integrada da Área da Coruña.
- * Juana Ruíz Garzón, Matrona da Xerencia de Xestión Integrada da Área da Coruña.
- * Alba Paz Boubeta, Xefa do Servizo de Defensa do Menor. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.
- * Gloria Moure Carballo, Técnico do Servizo de Defensa do Menor. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.

Grupo de revisión para a segunda edición.

- * Isabel Graña Garrido, Xefa de Sección da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde. Coordinadora do proxecto.
- * Beatriz Pais Iglesias, Técnica da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Seguridade Asistencial do Servizo Galego de Saúde. Coordinadora do proxecto.
- * Rosa Cogolludo Fernández, Supervisora de Partos do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.
- * Cristina Rodríguez Blanco, Traballadora social da Xerencia de Xestión Integrada da Área da Coruña.

PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

- * Juana Ruíz Garzón, Matrona da Xerencia de Xestión Integrada da Área da Coruña.
- * Alba Paz Boubeta, Xefa do Servizo de Defensa do Menor. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.
- * Gloria Moure Carballo, Técnica do Servizo de Defensa do Menor. Consellería de Traballo e Benestar. Xunta de Galicia.
- * M^a Xosé Vázquez Vázquez, Traballadora social do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.
- * Isabel Quintillán Gil, Traballadora social do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Grupo de revisión para a terceira edición.

- * Jorge González Fernández, Xefe do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude.
- * Raquel Fernández Enríquez, Psicóloga do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude
- * Ángela Espasandín González, Traballadora social do Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Xuventude
- * María Consuelo Vázquez Quiñoy, Supervisora da Unidade de Partos. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Servizo Galego de Saúde.
- * Begoña García Cepeda, Xefa do Servizo de Humanización e Atención á Cidadanía. Servizo Galego de Saúde.
- * Josefina Monteagudo Romero, Subdirectora xeral de Humanización e Atención á Cidadanía. Servizo Galego de Saúde.

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

ANEXO 1. INFORMACIÓN XERAL PARA XESTANTES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN.

Desde o Servizo Galego de Saúde queremos informala dos seguintes aspectos que poden ser do seu interese.

En Galicia, a Lei 5/2010, de 23 de xuño, DOG N° 127, establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada na que se contempla o seu dereito a ser informada de forma personalizada, suficiente e comprensible, dos recursos de apoio e asistencia á maternidade: centros, recursos, prestacións, axudas e medidas de protección, tanto durante o embarazo como despois do parto. Vostede pode acollerse a ela se desexa facerse cargo do seu fillo ou filla. Se, polo contrario, desexa dar o seu bebé en adopción para que outra familia se faga cargo del, debe saber que:

- 1.- A entrega do bebé en condicións de legalidade e de seguridade non carrea ningún prexuízo para vostede, nin legal nin administrativo.
- 2.- Na unidade de traballo social están os profesionais de referencia para xestionar estes casos nos hospitais. No seu centro de saúde pode comunicarlle a súa decisión á matrona, enfermeiro/a ou ao facultativo para que a informen e a deriven á unidade de traballo social da área sanitaria correspondente.
- 3.- Despois do parto, deberá asinar un documento de consentimento ante dúas testemuñas (persoal sanitario do centro hospitalario e técnicos do servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude) para que o/a bebé sexa tutelado/a pola Xunta. Se vostede é menor de idade non emancipada ou, aínda sendo maior de idade, está legalmente incapacitada, deberán consentir tamén os seus pais ou o/a titor legal.
- 4.- Seis semanas despois do parto, o persoal técnico do Servizo de Familia e Menores da Xunta de Galicia concertará unha cita con vostede para que ratifique a súa decisión, asinando un documento definitivo que autorice os trámites para a adopción. Ademais, poderá ser requirida para confirmar a súa decisión no xulgado. Se é así, non se alarme, forma parte do procedemento habitual.
- 5.- Se durante ese período de seis semanas tralo parto, vostede cambiara de intención e quixera volver facerse cargo do seu fillo ou filla, podería retornar con vostede, unha vez que o persoal técnico do Servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude valorase a súa situación.
- 6.- Despois do parto poderá vostede decidir se desexa ou non ver o/a bebé, así como recibir información médica sobre el/ela. Comuníquelle o seu desexo á unidade de traballo

**PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

social ou ao persoal do paritorio que a atenda. Unha vez que a Xunta de Galicia asuma a tutela do bebé, será esta administración quen decida sobre os contactos e visitas.

7.- En España, a adopción é unha medida de protección para a persoa menor que extingue todo vínculo entre o/a bebé e a familia biolóxica. Unha vez finalizados todos os trámites, o/a bebé pasará a convivir cunha familia adoptiva, que a partir dese momento adquire todos os dereitos e obrigacións inherentes á patria potestade.

8.- Unha vez constituída a adopción, vostede non terá coñecemento da situación do neno ou nena. Non obstante, el ou ela ten dereito a coñecer as súas orixes unha vez que alcance a maioría de idade ou, sendo menor, baixo a representación dos seus pais. Para elo, na entidade pública de protección de menores (Xunta de Galicia) conservárase a información respecto da identidade dos pais biolóxicos e da súa familia de orixe. Se vostede o desexa, pode achegar información ou documentación (fotografías, cartas, etc) para que, se o neno ou a nena así o desexa, poida dispoñer disto nun futuro.

9.- Ten á súa disposición o **Teléfono da Muller 900400273**, anónimo e gratuíto, que funciona as 24 horas ao día os 365 días ao ano, e no que poderá formular todas as súas dúbidas e consultas (cuestións xurídicas, recursos, servizos...). Neste teléfono a información facilítase ata en 51 idiomas diferentes.

Data: _____

Unidade e profesional que informa:_____

Informouse a Dona_____ con
DNI_____

Sinatura profesional

Sinatura paciente

**PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

ANEXO 2. COMUNICACIÓN INTENCIÓN DE PRIMEIRA RENUNCIA

(Comunicación do Centro Hospitalario aos Equipos Técnicos de Menores da Xefatura Territorial correspondente)

COMUNICACIÓN DO CENTRO HOSPITALARIO PARA A ADOPCIÓN DO/DA MENOR

Comunícase que o día de de, naceu neste centro hospitalario un neno/nena cuxa nai, e no seu caso, o pai, outorgaron a súa autorización para iniciar os trámites de adopción do seu fillo/filla, sen prexuízo do disposto no artigo 177 do Código Civil.

Datos da Nai:

Nome e Apelidos DNI

Datos do pai (se os houbera):

Nome e Apelidos DNI

En, a de de

Polo Centro Hospitalario
(Nome, sinatura e selo)

.....

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

**ANEXO 3. COMUNICACIÓN DE RECOLLIDA DE MENOR TUTELADO/A POLA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE****COMUNICACIÓN DE RECOLLIDA DE MENOR TUTELADO POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE**

_____, Xefe/a Territorial da Consellería de Política Social e Xuventude en _____,
COMUNICO: que no día _____ procederase a recoller o/a menor, _____ tutelado/a por esta xefatura territorial e ingresado/a nese Centro Hospitalario.

A recollida efectuarase por :

_____ con DNI

_____ con DNI

_____, na data da sinatura electrónica
A/o xefa/e territorial: _____

SR/A. TRABALLADOR/A SOCIAL DO CENTRO HOSPITALARIO



PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN

**ANEXO 4. DOCUMENTO DE REVOGACIÓN DO PROPÓSITO DE ENTREGA VOLUN-
TARIA DE NEONATO PARA A ADOPCIÓN**

Dña. _____ con
DNI _____, enderezo a efectos de notificacións en
_____, en _____, da provincia de _____ e
teléfono de contacto _____,

DECLARA:
que con data _____ deu a luz a un fillo/a no Hospital
_____, na localidade de _____ e que, segundo manifesta e/ou
acredita mediante documento, compareceu no seu día ante
_____, manifestando
voluntariamente a súa intención de que o seu/súa futuro/a fillo/a, ao seu nacemento, fose
adoptado/a por unha familia.

DECLARA, de forma voluntaria, o seu desexo de REVOGAR dito propósito e exercer a
maternidade do/da menor.

En _____, a _____ de _____ de _____

Sinatura da declarante

**PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN****ANEXO 5. CONSENTIMENTO DE RENUNCIA INICIAL PARA A ADOPCIÓN**

Este documento é propio do servizo con competencia en protección á infancia e á adolescencia da Consellería de Política Social e Xuventude.

DOCUMENTO DE CONSENTIMENTO DE RENUNCIA INICIAL PARA A ADOPCIÓN

Datos persoais:

Nai:

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Enderezo:.

Teléfono:.....

Pai:

Nome e apelidos:.....

DNI:..... Data de nacemento:

Enderezo:..... Teléfono:.....

Na cidade de , o día de de 20

Comparezo ante os/as técnicos da persoa menor da Consellería de Política Social da Xefatura Territorial de

MANIFESTO:

1. Que son proxenitor/a do neno/a nacido/a no centro hospitalario o día de de 20 .
2. Que sen ningunha presión nin coacción, outorgo a miña autorización para que sexan iniciados os trámites para adopción do meu fillo/a.
3. Que se me informou de que, de acordo coa lexislación vixente, deberei ratificar esta decisión de renuncia unha vez transcorrido o prazo de seis semanas, ante o órgano xudicial ou administrativo que me requira a tal fin.

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU FILLA EN ADOPCIÓN

4. Que son consciente de que a adopción do neno/nena terá como efecto o establecemento dunha filiación cos pais adoptivos, ou coa nai ou pai adoptivo, se fose adoptado por unha soa persoa, e que isto supoñerá romper o vínculo de filiación coa miña persoa, (nai/pai biolóxico/a) e o neno ou nena adoptado/a.
5. Que se me informou que no Rexistro Civil, o neno/nena quedará inscrito/a cos datos de filiación materna, e paterna no seu caso.
6. Que autorizo á entidade pública de protección de menores para que realice os trámites de inscrición do meu fillo/a no Rexistro Civil, no domicilio que estime adecuado, mostrando a miña conformidade con todas as xestións que o mencionado servizo deba realizar para tal fin.
7. Que desexo que non se contacte cos meus familiares para que se fagan cargo do menor.
8. Que non desexo que se notifique a outras institucións ou servizos consulares do meu país (se a nai/pai é estranxeiro/a)
9. Declaro ter comprendido o alcance e o sentido do que procede, e asino, aos efectos oportunos, a presente declaración ante testemuñas.

, de de

A nai DNI (Sinatura)	O pai (Nome e apelidos, DNI) (Sinatura)
O/A técnico/a (testemuña) (Sinatura) (Sinatura)	O/A técnico/a (testemuña) (Nome e apelidos, posto, DNI) (Sinatura)

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR O SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**

Representante legal 1 (só se a nai/nai é menor de idade ou ten incapacidade legal) (Nome e apelidos, DNI) (Sinatura)	Representante legal 2 (só se a nai/nai é menor de idade ou ten incapacidade legal) (Nome e apelidos, DNI) (Sinatura)
--	--

**PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO ÁMBITO SANITARIO CON MULLERES QUE DECIDAN DAR AO SEU FILLO OU
FILLA EN ADOPCIÓN**
